



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Colexio plurilingüe de educación infantil e primaria
Celso Emilio Ferreiro

Celso Emilio Ferreiro, s/n
15186 CERCEDA - A CORUÑA
☎ 881 880 506 ☎ 881 880 507
✉ ceip.celso.emilio.ferreiro@edu.xunta.es
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcelsoemilioferreiro/>






PROXECTO DE DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA

*Curso Escolar
2021-2022*

FUNDAMENTACIÓN

Durante o presente curso 2021/2022 continuarase o proxecto que comencamos hai catorce anos académicos.

Pretendemos que a biblioteca cumpra tres funcións principais:

-  Unha función de xestión técnica e de divulgación de fondos.
-  Unha función de promoción da lectura.
-  Unha función de formación de usuarios.

XESTIÓN TÉCNICA

Contamos cun fondo importante de libros que é preciso achegar ao alumnado que, na maioría dos casos, non contan cunha biblioteca familiar suficiente para as súas necesidades. Actuaremos de mediadores entre eles e os libros, animándoos e orientando as súas lecturas. Tamén consideramos importante actualizar e axustar os documentos bibliográficos ás necesidades do centro e ás idades dos discentes.



PROMOCIÓN DA LECTURA

Sabemos que desde a escola é fundamental traballar a lectura na súa dobre vertente: desenvolvendo o proceso didáctico de capacitación lectora e presentando a lectura na súa faceta como alternativa de lecer. Consideramos que a biblioteca é o lugar desde o que se debe iniciar a animación á lectura dentro do ámbito escolar.

FORMACIÓN DE USUARIOS

O derradeiro aspecto a ter en conta de cara ao desenvolvemento deste proxecto é a pouca experiencia coa que contan os discentes ao remataren a Educación Primaria, no manexo de enciclopedias e obras temáticas. Consideramos importante preparalos na busca de información neste tipo de obras, sen esquecer, por suposto, as enciclopedias multimedia que no momento actual teñen moita importancia dentro do marco educativo.

OBXECTIVOS XERAIS

-  Aproximar ao alumnado á lectura como unha actividade practerera e de lecer.
-  Converter a biblioteca nun centro de recursos dinamizador da vida cultural do colexio.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- 📖 Actualizar o catálogo de libros dispoñibles, adquirindo títulos e novidades axeitadas ás diferentes idades.
- 📖 Potenciar o servizo de préstamo de libros.
- 📖 Orientar aos pais, especialmente na época de Nadal e a finais de curso para sensibilizalos sobre a necesidade de que os libros formen parte dos agasallos familiares.
- 📖 Organizar sesións de contacontos realizadas por distintas persoas ou grupos de persoas: alumnado, profesionais, país...
- 📖 Realizar lecturas na biblioteca que servan de base para a realización de actividades de creación literaria como:
 - Dramatizacións.
 - Contos.
- 📖 Coñecer a biblioteca: recursos que ofrece, saber que libros hai, normas de comportamento...
- 📖 Empregar a biblioteca do centro como centro de investigación. Como buscar información...
- 📖 Realizar mostras, exposicións e concursos cos traballos dos alumnos.

ACTIVIDADES

Seleccionaremos un tema sobre o que traballar. O núcleo temático do Equipo de Dinamización da Biblioteca, para o curso escolar 2021/2022, versará sobre o centro de interese: “[LER, RECICLAR E REUTILIZAR](#)”

A razón da selección deste núcleo temático é o poder involucrar máis aos nenos neste proxecto e proporcionar maior actividade á biblioteca xa que permite ser abordado desde distintas áreas e vai favorecer incluso a formación de usuarios en canto á organización da nosa biblioteca.

- 📖 Empregar as TICs para a busca dos contos elixidos e a súa posta en escea cinematográfica.
- 📖 Contacontos dramatizados por parte dos alumnos.
- 📖 Elaboración de traballos relacionados co núcleo temático abordado.
- 📖 Levaremos a cabo exposicións sobre o núcleo temático.
- 📖 Continuaremos coa experiencia das mochilas viaxeiras.
- 📖 Manterase a actividade das lecturas apadriñadas co seguinte calendario de actuacións para facelas coincidir con tres datas sinaladas: Día da Biblioteca Escolar, Día da Amizade e Día do Libro.
 - Outubro de 2021.
 - Febreiro de 2022.
 - Abril de 2022.
- 📖 Préstamo quincenal.

Achegaremos ao alumnado lecturas e traballos relacionados con este tema coa pretensión de que sexan capaces de ver a lectura e os libros como un recurso onde atopar información de todo tipo e que resulte, á vez, divertido e ameno.


A grandes rasgos, as actividades que se levarán a cabo co alumnado ata segundo de primaria, serán de animación á lectura mediante sesións de contacontos ou outro tipo de presentacións máis visuais. A razón pola que decidimos centrar a actividade no conto oral, ven dada polas idades dos rapaces e rapazas que aínda contan cun nivel de competencia lectora moi baixo ou apenas inexistente, polo que non disfrutan coa lectura autónoma debido ao esforzo que esta lles supón.

A liña de traballo a seguir co resto do alumnado está encamiñada a traballar na formación de usuarios: familiarizarse coa biblioteca como centro de recursos para obter información, coñecer as distintas partes dos libros e aprender a buscar información e seleccionala.

TEMPORALIZACIÓN

Durante o presente curso as actividades desenvolveranse nas primeiras sesións dos luns, xoves e venres.

Algunha semana intermedia empregarase para preparar as sesións así como os materiais específicos de traballo.



A Silva, a 20 de setembro de 2021

A responsable do Proxecto de Dinamización

María Teresa del Río Boquete